

María Xesús Pato: *Heloísa*

**Anxo Angueira**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1994]). “María Xesús Pato: *Heloísa*”. *A Trabe de Ouro*: 20, 121-122. Reedición en *poesia-galega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1112>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

ANGUEIRA, ANXO (1994). “María Xesús Pato: *Heloísa*”. *A Trabe de Ouro*: 20, 121-122.

\* Edición dispoñíbel desde o 9 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

MARÍA XESÚS PATO:  
*HELOÍSA*  
Espiral Maior, A Coruña, 1994

---

Anxo Angueira

---

A poesía de María Xesús Pato abrasa.

Deixáranos en 1991 retallos de sintaxe a abrasar que se chamaron *Urania* (magnífico Xabier Cordal e lúcido no prólogo desta *Heloísa*), e foinos adiantando en diferentes revistas e libros colectivos abrasadores versos que hoxe ven luz no seu anunciado destino, este último seu libro.

Desde o primeiro poema («Como será entón o meu nome / que nervo do propio corpo non poderei mastigar? / Como este eixo, que desde os xenitais á boca me atravesará, / este eixo no que definitivamente terei que enxendrar o mundo?») até o derradeiro («O nome da miña nai/ Blasfemo / Impronunciábel») asistimos desacougados á procura do coñecemento desde o nome e contaxiados do lume da poeta: «O nome que sobre a miña pel gravache / aínda hoxe alustra / queima / arde».

Esta procura extenuante e paixonal está inzada de referencias autobiográficas (Ourense, a familia, Marcelle...) nas que se intúe certa linealidade. Pero tal vez importe máis que María Xesús Pato, neste seu periplo, manexe diferentes ordes simbólicas (sobre todo mitolóxicas, históricas e literarias), que as entremesture con desespero e ironía para concluir finalmente nese «espertar cando souben que a escuridade era o único posíbel».

Porque os mitos clásicos, abrumadores, e a literatura xa non son o que eran nestes soños alucinados nos que se deixan caer gravísimas sentencias («Digo que a superación da alienación ten lugar cando a actividade produtiva devén no absolutamente outro que si mesma», «a cultura non é senón segmentación, e xa que logo, obxectivización do coñecemento», «pois que na orde simbólica as funcións da linguaxe non se definen pola comunicación senón polo principio do pracer»,...). Outro Adonis, outro Orfeo, anteriores á palabra articulada, vivos e recoñecibeis só desde a escuridade, o soño, o desexo: calcinados.

A escrita de María Xesús Pato, hermética desde logo, ofrece tamén outras procuras. A máis tanxíbel —en certo sentido resulta a fundacional do libro— é a que se refire á súa condición de muller («Entón igual que hoxe elegería ser Marat») desde a que denuncia e desde a que combate, desde a que mesmo se ve impelida a iniciar a procura do saber (xa vimos que non era luz) e do saberse. E en todo está tamén o amor, como no fermosísimo poema «Non podo afirmar que fose tétrica aquela nau / pero si que navegaba por un mar de brañas».

Finalmente, quixera reparar nun dos aspectos estilísticos máis salientabeis desta autora se exceptuamos quizais a constante mestura de voces e tons poéticos ao longo do libro e mesmo en cada poema coas que se conseguen brillantes desuniformizacións. Trátase do final de cada poema. Nel aparece moi frecuentemente un verso de só unha palabra. Este tipo de remates concitan un interese expresivo especial co que a poeta quere fechar o seu discurso e pórille un ramo que eu leo como definitivo e definitorio (a maioría destes versos son adxectivos) pero ao mesmo tempo resulta tamén seductoramente sensual.

Polo demais, é, esta, poesía que dialoga co mellor da nosa poesía contemporánea. Hermética e abrasiva.

Pero eu podo camiñar sobre as brasas  
resistir todos os ordálios, no nome do señor...  
indelebelmente  
clara.